

## ANEXO

Denominación dos grupos de produtos	Denominación do produto	Denominación do principio nutritivo ou identidade do microorganismo	Substrato de cultivo (de ser o caso, especificacións)	Características de composición do produto	Especie animal	Disposicións especiais
1.2.1 Lévedos cultivados sobre substratos de orixe animal ou vexetal.	Todos os lévedos obtidos a partir dos microorganismos e substratos enumerados respectivamente nas columnas 3 e 4 e cuxas células se matasen.	Saccharomyces cerevisiae. Saccharomyces carlsbergiensis. Kluyveromyces lactis. Kluyveromyces fragilis.	Melazas, vinazas, cereais e produtos amiláceos, zumes de froitas, lactosoro, ácido láctico, hidrolizados de fibras vexetais.		Todas as especies animais.	
		Candida guilliermondii.	Melazas, vinazas, cereais e produtos amiláceos, zumes de froitas, lactosoro, ácido láctico, hidrolizados de fibras vexetais.	16% de materia seca como mínimo.	Porcos de engorda.	

## XEFATURA DO ESTADO

**8384** *LEI ORGÁNICA 1/2005, do 20 de maio, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado que establece unha Constitución para Europa, asinado en Roma o 29 de outubro de 2004. («BOE» 121, do 21-5-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de outubro de 2004 procedeuse ao asinamento en Roma, por parte dos plenipotenciarios dos Estados membros da Unión Europea, do Tratado que establece unha Constitución para Europa.

O novo Tratado constitucional da Unión Europea ou Constitución Europea foi redactado co triple obxectivo de facer máis partícipes os cidadáns no proceso de integración supranacional que representa a Unión Europea, de dotar a Unión dos medios de acción necesarios para lles facer fronte ás novas exigencias da realidade social, económica e internacional e de adecuar mellor as institucións da Unión, as súas estruturas, métodos de traballo e procedementos de decisión á Unión ampliada.

Este texto, que, como o seu propio nome indica, ten a un tempo características propias dun tratado internacional e dunha constitución, consagra a Unión Europea como unha auténtica comunidade política que nace da vontade dos cidadáns e dos Estados de Europa de construíren un futuro común.

A Constitución Europea pon de relevo neste contexto que o proceso de integración supranacional de Europa se constrúe sobre o fundamento dos valores nos cales se asenta a civilización no noso continente: a dignidade humana, a liberdade, a democracia, a igualdade, o Estado de dereito e o respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías, no

marco dunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non-discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes.

A Constitución Europea achega co seu articulado doses maiores de eficacia nas políticas da Unión, de democracia no funcionamento das súas institucións e de solidariedade nas relacións entre os seus Estados membros e os seus cidadáns, dando así un paso certamente decisivo para facer realidade o soño de tantas mulleres e homes de crearen no noso continente un auténtico espazo de paz e prosperidade.

O texto divídese formalmente en catro partes. A Parte I conságrase esencialmente aos fundamentos da Unión Europea, aos seus valores e obxectivos, á repartición de competencias entre a Unión e os seus Estados membros e ás disposicións institucionais básicas da Unión. A Parte II proclama con valor xurídico a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea. A Parte III dedícase fundamentalmente a recoller as bases xurídicas e os principios que rexen as políticas internas e externas da Unión, así como o desenvolvemento das disposicións relativas ao funcionamento institucional da Unión. A Parte IV, por último, contén as disposicións xerais e derradeiras. O texto constitucional complétase con dous anexos e trinta e seis protocolos que forman parte integrante del.

O pobo español manifestouse claramente a favor deste tratado, no referendo celebrado o 20 de febreiro de 2005. De acordo con este sentimento, España, ao ratificar este tratado constitucional, quere reafirmar o seu firme compromiso cun proxecto histórico a cuxo éxito consagrou e consagrará os seus mellores esforzos.

Tendo en conta o anterior e declarado polo Tribunal Constitucional que non existe contradición ningunha entre o texto do Tratado que establece unha Constitución para Europa e a nosa Constitución nacional de 1978, conséntase que a prestación do consentimento do Estado para ratificar o mencionado tratado debe ser autorizada polas Cortes mediante lei orgánica, de conformidade co previsto no artigo 93 da Constitución.

Artigo único.

Autorízase a ratificación por España do Tratado que establece unha Constitución para Europa, asinado en Roma o 29 de outubro de 2004.

## Disposición derradeira única.

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**8385** *REAL DECRETO 517/2005, do 6 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula, no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas. («BOE» 121, do 21-5-2005.)*

O Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula, no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, estableceu a regulación sobre esas materias conforme os criterios inspiradores contidos na Directiva 90/427/CEE do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativa ás condicións zootécnicas e xenealóxicas que regulan os intercambios intracomunitarios de équidos; na Directiva 91/174/CEE do Consello, do 25 de marzo de 1991, relativa ás normas zootécnicas e xenealóxicas que regulan a comercialización de animais de raza e pola que se modifican as directivas 77/504/CEE e 90/425/CEE, e disposicións concordantes.

Na súa aplicación, puxéronse de manifesto diversas circunstancias que aconsellan a súa modificación, tanto no que se refire á ampliación da aplicación da regulación contida no Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, ás razas Mallorquina e Menorquina, previstas no Real decreto 1682/1997, do 7 de novembro, polo que se actualiza o Catálogo oficial de razas de gando de España, mediante a súa inclusión entre as razas nacionais de sela, como no que atinxe á descrición identificativa dos équidos de raza pura que se regula no artigo 6, que, a partir desta modificación, deberá ser realizada ou supervisada por un veterinario, e, así mesmo, á posibilidade de inscrición de produtos fóra do prazo xeral, en determinadas condicións, e as súas seguintes normas de dereito transitorio. Todo iso, sen prexuízo dunha ulterior revisión doutras partes do seu articulado para a súa mellor e máis práctica adecuación ao marco legal do noso país.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses do sector afectado e emitiu informe favorable o Ministerio de Defensa.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Con-

sello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2005,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula, no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas.*

O Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula, no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea a) do punto 2 do artigo 2 queda redactada do seguinte modo:

«a) Dentro do ámbito nacional:

1.º De sela: pura raza española (PRE), pura raza árabe (PRa), puro sangue inglés (PSI), raza angloárabe (A-a), raza hispanoárabe (H-a), caballo de deporte español (CDE), mallorquina e menorquina.

2.º Trotadores: trotador español (TE).

3.º De tiro (Tiro): bretona, postier-bretona, percherona e ardenesa.»

Dous. O punto 3 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«3. Os équidos de pura raza de ámbito nacional deberán ser descritos tras o seu nacemento. A descrición realizaraa veterinario oficial ou veterinario autorizado ou persoal capacitado e designado polo servizo oficial do Estado baixo a supervisión de veterinario oficial ou autorizado, a pé de nai e antes da desteta, e complementarase no mesmo acto coa implantación dun sistema electrónico de identificación adecuado á normativa ISO (microchip) e a toma de mostras para a realización da análise dos seus marcadores xenéticos. O microchip deberá ser implantado no lado esquerdo do pescozo do animal, no terzo superior e baixo o ligamento cervical.»

Tres. A alínea e) do punto 2 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«e) Ter solicitada a inscrición nun libro xenealóxico no prazo máximo de seis meses desde o nacemento do produto. Non obstante, poderase solicitar a inscrición fóra do devandito prazo sempre que se cumpran os demais requisitos deste punto, se verifique a filiación compatible do produto e se aboe a recarga correspondente.

A solicitude de inscrición deberá ser realizada polo propietario do produto, o cal, no caso de non ser quen figure como titular da egua proxenitora no libro xenealóxico da raza correspondente, deberá acreditar por calquera medio válido en dereito a propiedade do dito produto, sen prexuízo de que o criador que figure na documentación e nos rexistros continuará sendo o titular da egua nai no momento do nacemento.»

Disposición transitoria primeira. *Retroactividade.*

Poderase solicitar, nas condicións previstas no artigo 7.2.e) do Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, a inscrición no rexistro de nacementos do libro xenealóxico correspondente dos équidos de raza pura de ámbito nacional que teñan máis de seis meses de idade no momento da entrada en vigor deste real decreto e cuxas solicitudes de inscrición fosen desestimadas con anterioridade á súa entrada en vigor, sempre que a súa desesti-